



Ames apoiou as efemérides da diabetes e do pobo calé

A Maíao. O Concello de Ames sumouse a conmemoración das efemérides do Día Internacional do Pobo Xitano e do Día Mundial da Saúde, que se veñen de celebrar nestas xornadas.

No que atinxe á primeira conmemoración, a administración local aportou o seu grao de area sumándose á difusión do material creado pola Fundación Secretariado Xitano. Creado para concienciar o respecto e a aceptación do pobo nunha sociedade na que pervive o racismo e sentimento de desprezo, baixo o lema *Telebasura no es realidad*, a campaña deste ano quixo derrubar os estereotipos creados polas canles de televisión en torno ao pobo xitano. Do mesmo xeito, o escritor Manolo Rivas aporta a esta iniciativa un manifesto.

O Concello, por outra banda, tamén se uniu á labor de difusión da OMS coa celebración do Día Mundial da Saúde. Esta data foi creada para aumentar a conciencia sobre cuestións de saúde e xerar accións que promovan un maior e mellor acceso á saúde en todo o mundo. Este ano a OMS adícao á diabete co lema *Vence á diabete*. Ao fío, a OMS estima que esta enfermidade crónica será a sétima causa máis común de defunción no ano 2030. Un páncreas que produza insuficiente insulina, ou un corpo incapaz de empregar eficazmente a insulina que este órgano produce, son as causas da diabete. A insulina é unha hormona que regula o nivel de azucre e que, nesta enfermidade, sofre alteracións. **M.M.**